

ANEXO II

Solicitud de participación na VI convocatoria para o recoñecemento de boas prácticas de calidade nos centros docentes da USC (2024)

Centro proponente: **Facultade de Formación do Profesorado (FFP), Campus de Lugo**

Denominación da práctica: **Guía para PDI de nova incorporación – FFP Lugo**

Proceso(s) do SGC implicado(s):

Procesos de soporte:

Xestión dos recursos: PS-01. Xestión dos recursos humanos

Xestión de apoio ao sistema: PS-04. Satisfacción, expectativas e necesidades

Datas de desenvolvemento da práctica:

Acción de Mellora:	A práctica non foi aínda proposta como acción de mellora nun proceso de seguimento e/ou renovación de acreditación de título e/ou centro. Porén, a iniciativa encamiñase cara ao cumprimento do Obxectivo Estratéxico OE8 (Fortalecer os recursos humanos da Facultade) do PEC 24-26 da FFP
--------------------	---

O proceso de planificación, implantación, avaliación e axuste/mellora levouse a cabo de acordo coa cronoloxía que segue, con fases de elaboración, difusión, recompilación de achegas e actualizacións do documento:

Versión	Proceso	Fase	Responsable/ Participantes	Data
V.1	Planificación	Elaboración do documento	Grupo de traballo delegado da Comisión de Calidade do Centro	01/07/ 2023 – 20/01/2024
	Planificación	Revisión e análise da versión preliminar	Comisión de Calidade ¹	22/01/2024
	Planificación	Posta a disposición da versión preliminar para o PAS implicado	PAS da Facultade	23/01/2024
	Planificación	Exposición pública para recompilar achegas e suxestións	PDI da Facultade	23/01/2024 – 02/02/2024
	Planificación	Elaboración da versión definitiva	Grupo de traballo delegado da Comisión de Calidade do Centro	03/02/2024 – 22/03/2024
	Implantación	Posta a disposición da versión final do documento para o PDI	Decanato da Facultade	23/03/2024
V.2		Actualización do documento	Grupo de traballo delegado da Comisión de Calidade do Centro ²	09/07/2024
V.3	Avaliación	Recompilación de achegas e suxestións	PDI de nova incorporación	11/10/2024 – 18/10/2024
	Axuste e mellora	Actualización do documento	Grupo de traballo delegado da Comisión de Calidade do Centro	21/10/2024 – 19/11/2024
	Implantación	Posta a disposición da nova versión do documento para o PDI	Decanato da Facultade	20/11/2024

⁽¹⁾ A Comisión de Calidade do Centro, na xuntanza celebrada o 22/01/24 ([Acta Nº 48](#)), procede á revisión da primeira versión do documento e á aprobación das diferentes fases do proceso a seguir. O documento foi sometido a exposición pública para recompilar achegas e suxestións de PAS e PDI, elaborándose a versión definitiva que se puxo a disposición de todo o PDI da Facultade

⁽²⁾ A Comisión de Calidade do Centro, na xuntanza celebrada o 09/07/24, aprobou a actualización do documento nunha segunda versión que incluía axustes por cambios de persoal e novas ligazóns a documentación.

Breve descrición da práctica*:

Consonte ao proceso PS-01. Xestión dos recursos humanos do [Manual de Procesos da FFP](#), a xestión dos recursos humanos recóllese no proceso institucional PI-03, sendo responsabilidade da Vicerreitoría con competencias en materia de profesorado e do Servizo de Planificación de PDI. Porén, a FFP presenta unha problemática derivada da súa localización no Campus de Lugo, xa que un número importante do PDI que se incorpora ao centro solicita en breve prazo o traslado ao Campus de Santiago. Como consecuencia, existe unha grande inestabilidade no PDI da Facultade, chegando profesorado novo en diferentes momentos do curso e cunha frecuencia maior da desexable. Este profesorado, que pode proceder doutras facultades da USC, pero tamén doutras universidades e mesmo de fóra do sistema universitario, precisa dunha atención específica, posto que debe ser informado e orientado sobre as dinámicas da Facultade ou mesmo da universidade.

Co fin de atender a estas necesidades que ten o novo profesorado que se incorpora ao centro, dende o Vicedecanato da Facultade, e en colaboración coas Coordinacións dos Títulos que nela se imparten, elaborouse un documento-guía (accesible [AQUI](#)) no que se proporciona información sobre diferentes aspectos relativos á universidade e á Facultade, e se solucionan posibles dúbidas que poida ter este profesorado.

Deste xeito, nas diferentes seccións do documento abórdanse cuestións organizativas básicas (espazos, recursos, horarios, servizos virtuais, dinámicas de aula, programación e avaliación), proporciónase información sobre o correo institucional e as actividades que debe realizar o profesorado para contribuír ao funcionamento das coordinacións docentes da Facultade, dase información sobre as peculiaridades do dobre grao que se imparte no centro, adxúntanse ligazóns a normativa de interese, respóndese a preguntas frecuentes (paro académico estudantil, dispensas, faltas de asistencia, custodia de probas de avaliación, etc.), e facilitáanse datos de contacto, organigrama da facultade e rutas de acceso para servizos virtuais.

Na actualidade o documento atópase dispoñible para todo o PDI nas aulas virtuais de coordinación dos títulos e na Intranet do centro, e facilítase de xeito protocolizado dende o Vicedecanato a todo o profesorado de nova incorporación.

Breve avaliación da eficacia da práctica na mellora do SGC*:

Tal e como se describe na cronoloxía do proceso, entre os meses de xaneiro e febreiro de 2024 o documento foi sometido a un período de exposición pública no que se facilitou ao PAS implicado (conserxería, secretaría do decanato, xestora do centro) e a todo o PDI para recompilar suxestións e achegas, xa que se considerou que a guía podería ser útil non soamente para o PDI de nova incorporación senón tamén para o resto do profesorado. Facilitouse un [formulario](#) a todo o PDI para realizar as súas achegas e valorar a utilidade do

documento, respondendo profesorado con diferentes graos de antigüidade (menos de 1 ano, entre 1 e 3, e máis de 5 anos).

O 91,6% do PDI enquisado cualificou cun 5 o documento nunha escala de 1 (nada útil) a 5 (moi útil), e o restante 8,4% puntuouno con 4 (bastante útil); o 66,66% non botou en falta ningún tipo de información pertinente, e a porcentaxe restante realizou aportacións que se tiveron en conta para completar o documento. O profesorado que respondeu á enquisa agradeceu a iniciativa da creación deste documento, cualificouno como completo e exhaustivo, moi pertinente, e útil non só para o profesorado de novo ingreso, senón para todo o cadro de persoal docente da Facultade. O profesorado con menos antigüidade que respondeu á enquisa destaca o carácter empático da iniciativa, e sinala que cubre unha necesidade prioritaria das persoas que se incorporan ás aulas, aforrando moito tempo de busca de información.

Unha vez iniciado o curso 24-25, dende o Vicedecanato da Facultade establecéronse contactos individuais co profesorado de nova incorporación nese curso (ao que xa se lle tiña facilitado o documento), co fin de obter máis información sobre a utilidade da guía e posibles achegas por parte deste grupo de interese. O 100% do profesorado entrevistado manifesta unha opinión positiva sobre o documento, cualificándoo como necesario, completo e moi navegable, útil e minucioso á hora de ter e conta as posibles necesidades do PDI novo, e agradece unánimemente a iniciativa. Recolléronse asimesmo algunhas suxestións de mellora que foron incorporadas á seguinte versión do documento.

Lugo, 2 de decembro de 2024

Carmen Sarceda Gorgoso
Decana FFP-Lugo

Paula López Rúa
Vicedecana FFP-Lugo e
Responsable de Calidade

* Prégase brevidade e concisión na descrición e na avaliación da práctica. A lonxitude máxima da solicitude é de 3 páxinas en t